

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gg-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Teresa Tábaos Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a colocación de sistemas de contención axeitados ás necesidades das e dos motociclistas na autovía da Barbanza.

Durante a pasada legislatura na comarca da Barbanza xerouse un importante debate social sobre a seguranza das e dos motociclistas na autovía que se atopaba en construción e hoxe xa en servizo. Concretamente as asociación de motoristas expresaban as súas dúbidas sobre a colocación destes sistemas de contención especiais, reclamando que se estenderan a todo a autovía.

Durante a VII Lexislatura o PP criticou con dureza ao Goberno por entender que os sistemas de dobre bionda instalados na autovía da Barbanza non eran os suficientes; asumindo o compromiso de instalar estes sistemas en todo o trazado desta infraestrutura. Non temos constancia de que se teñan dado pasos nesta dirección desde a toma de posesión do actual executivo, semellando máis unha falsa promesa electoral que un compromiso que vaia asumir o novo goberno.

Consideramos desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) que a seguranza viaria é un asunto moi serio, no que non se debe facer demagogia nin xerar falsas expectativas. Concretamente somos conscientes de que as asociacións de motoristas teñen aberto un debate público importante sobre a súa seguranza nas estradas que ben xustificado polos datos. Así estímase que un 15% dos e das



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2010 10
Nº Rexistro: 19700
Data ervio: 21/01/2010 10:56:30:532

accidentadas no último ano foron vítimas de colisións contra gardarraís. Estes vehículos víronse involucrados nun 20% dos accidentes con vítimas e dan lugar ao 12,2% de falecementos en vías urbanas e interurbanas no conxunto do estado. A preocupación na Barbanza está plenamente xustificada polo elevado nivel de accidentalidade que rexistraba esta estrada antes da súa conversión en autovía.

Temos interese desde o Grupo Parlamentar do BNG en coñecer a valoración que fai o goberno galego sobre o cumprimento das esixencias de seguranza para as e os motoristas, así como si se vai efectivizar o compromiso de poñer sistemas de contención adaptados a este colectivo en toda a autovía.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súas reposta oral en comisión:

- 1.ª) Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o grao de seguranza da autovía da Barbanza en relación co colectivo de motoristas?
- 2.ª) Considera a Xunta de Galiza que é necesario instalar dobre bionda en todo o percorrido da autovía?
- 3.ª) En caso afirmativo, cando se vai levar adiante esta actuación?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2010.


Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2010 10
Nº Rexistro: 19700
Data envío: 21/01/2010 10:56:30.532



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel: 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/01/2010 10:28:01

Teresa Táboas Veleiro na data 21/01/2010 10:28:06